

# Guía de lectura



*Os mellores do humor*



## *O humor...*

*Suaviza o estrés  
prevén os infartos  
rexuenece a pel  
facilita a dixestión  
fortalece o sistema inmunolóxico  
mellora a respiración  
baixa a presión arterial  
reduce o insomnio  
alivia a depresión  
combate medos e fobias  
mitiga o sufrimento  
descarga tensiones  
potencia a creatividade  
facilita a comunicación  
reforza a autoestima  
axuda a comprender...*



*Por iso, dende a Biblioteca Ágora che ofrecemos todos estes materiais:  
libros películas e cómics escollidos para ti. Porque ler tamén é rir.*

## *Absurdo*

*Presentadoras de televisión encarnadas en formigas, alieníxenas percorrendo a Barcelona Olímpica baixo a aparencia de famosas artistas de pop, camarotes de barcos abarrotados, mordomos que fan o que queren cos seus millonarios e absurdos amos... situacións incoherentes e personaxes estrafalarios desfilan por estes libros e películas que sen dúbida che farán rir.*

*Autor : [Woody Allen](#)*

*Título : [Cuentos sin plumas](#)*

*Nesta recompilación dos libros de contos de Woody Allen, evidénciase a enorme capacidade do autor para rir, e facernos rir, da nosa propia torpeza no intre de enfrontarnos precisamente cos problemas que máis fondamente nos afectan e que tanto o obsesionan: Deus, a morte, o amor e o sexo.*

*Autor : [Eduardo Mendoza](#)*

*Título : [Sen novas de Gurb](#)*

*Un extraterrestre chega á Terra na procura do seu compañeiro Gurb, perdido no planeta en plena misión espacial. A Barcelona olímpica é o espazo no que se moverá este estraño ser que para pasar desapercibido entre os humanos se disfraza das celebridades máis dispare, fártase de churros e visita os lugares máis castizos dunha España caótica en plenos preparativos do 92.*

*Autor : [David Safier](#)*

*Título : [Maldito karma](#)*

*A presentadora de televisión Kim Lange está no máis alto da súa carreira cando sofre un accidente e morre esmagada polo lavabo dunha estación espacial rusa. No Máis Alá, Kim descobre que acumulou mal karma durante toda a súa vida, polo que é condenada a vivir como unha formiga. Será quen de equilibrar o karma para reencarnarse en humana de novo?.*

*Autor : [Terry Pratchett](#), [Neil Gaiman](#)*

*Título : [Buenos presagios](#)*

*Segundo As Boas e Atinadas profecías de Agnes na Chalada Bruxa (o único libro fiable de profecías, escrito en 1655), a fin do mundo terá lugar o sábado. O próximo sábado, para ser exactos. Xusto antes da hora da cea. Con todo, un anxoso puntilloso e un demos buscavidas non están pola tarefa de aceptar sen máis iso da “Fin da civilización tal e como a coñecemos”.*



**Autor :** *Sam Wood*

**Título :** *Una noche en la ópera*

*Levado polo seu extravagante sentido dos negocios, Groucho mete nun barco con destino a Nova York ás grandes estrelas da Ópera de Milán. A bordo viaxan tamén uns polisóns: Harpo e Chico. Entre os tres revolucionan o barco, organizan un escándalo en Nova York e converten a noite da estrea nunha loucura que o mundo da ópera tardará en esquecer.*

**Autor :** *Jim Abrahams, David Zucker, Jerry Zucker*

**Título :** *Aterrixa como puedas*

*O delirio cinematográfico máis esmendrellante do cine moderno comeza cando o voo 209 da TransAmerican sae Los Ángeles con destino a Chicago. Entre a pasaxe atópanse unha serie de curiosas personaxes: Entre elas, un expiloto de combate que, en pleno voo, verase obrigado a facerse co mando do avión, tras quedar os pilotos indispostos por unha comida en mal estado.*

**Autor :** *José Luis Cuerda*

**Título :** *Amanece que no es poco*

*Teodoro, un profesor español da Universidade de Oklahoma, regresa a España para gozar dun ano sabático. Ao chegar, decátase de que o seu pai matou a súa nai e, para compensalo, comproulle unha moto con sidecar para viaxar xuntos. Así chegan a un pobo de montaña que se prepara para as eleccións que se celebran cada ano para designar alcalde, cura, mestre... e puta...*

**Autor :** *Italo Calvino*

**Título :** *El barón rampante*

*Biaggio e Cosimo son irmáns e pertencen a unha familia aristocrática en decadencia, que imita o modo de vida da clase alta. A historia comeza cando Cosimo, tras unha discusión familiar, decide subir ás árbores e promete non volver pisar o chan. Biaggio narra a vida do seu irmán dende aquela ata que morre, a través das cartas que recibe del e das visitas que lle fixo.*

**Autor :** *P.G. Wodehouse*

**Título :** *Omnibus Jeeves*

*A creación mais querida de Wodehouse, o mestre do humor inglés, está protagonizada por unha parella moi especial: Bertie, millonario desocupado, membro do club de "Os Abázcaros", sempre enredado en extraordinarias leas, e Jeeves, o seu culto e refinado mordomo, que sutilmente manipula ó seu señor para que faga o que a el lle dea a gana sen que xamais se note.*

**Autor :** *Pedro Almodóvar*

**Título :** *Mujeres al borde de un ataque de nervios*

*Pepa e Iván son actores de dobraxe. El é un mullereiro empedernido e, despois dunha longa relación, rompe con Pepa: déixalle unha mensaxe no contestador pedíndolle que lle prepare unha maleta coas súas cousas. Pepa, que non soporta vivir nunha casa chea de recordos, decide alugalala. Mentres espera que Iván vaia recoller a maleta, a casa váiselle enchendo de xente ...*

## *Con moita retranca*

*Humor da terra. Humor galego. Nin negro nin cruel, pero si retranqueiro e pillabán... Dende os autores mais clásicos, como Cunqueiro o Castelao, ata os mais actuais. Algúns (Torrente Ballester, Fernando Flórez) escolleron o castelán, os mais, o galego, para achegarnos eses retratos que nos definen e nos fan rir de nós mesmos, aceptándonos como somos. Con dignidade.*

*Autor : Valentín Alvite*

*Título : O hotel*

*Carlos Alberte, conde de Andrada, leva unha existencia luxosa, vendendo exclusivas na prensa rosa. No hotel onde se aloxa é confundido cun camareiro, Paco un mozo bohemio que o suplantarán involuntariamente. A partir dese momento, Paco accederá aos refinados praceres da opulencia.*

*Autor : Álvaro Cunqueiro*

*Título : Xente de aquí e de acolá*

*Conxunto de retratos que compoñen unha visión das nosas xentes e dun tempo, recreando maxistralmente personaxes con vida propia coma o pica preitos Somoza de Leiva, que tiña un can que só lle ladraba á parte contraria, ou Leiras de Parada, que adormecía os capóns léndolles artigos de prensa.*

*Autor : Gonzalo Torrente Ballester*

*Título : A saga-fuga de JB*

*Complexa e divertida novela desenvolvida na cidade imaxinaria de Castroforte del Baralla, lugar mítico onde os seus habitantes se debaten entre a irrealidade e a tradición e cuxa tranquilidade racha cando desaparece a reliquia do Corpo Santo. José Bastida dará voz á historia milenaria da vila, onde moitos destinos repítense no tempo a través de sucesivas personaxes.*

*Director : Goretti Fariña*

*Título : Orlando pendurado*

*A 9 metros do chan e a 7 do taboleiro onde escorregara dez minutos antes, o operario Orlando Valiñas planeaba na bruma da mañá. Pendurado dun incómodo arnés, que o unía á vida, pensaba en Alexandra, a compañeira que enchera a súa vida nos 3 últimos anos. Un relato entre existencial e costumista, cun resultado entre piadoso e retranqueiro.*

**Autor :** *Alfonso R. Castelao*  
**Título :** *Os vellos non deben de namorarse*

*Castelao advírtenos do perigo que entrañan os namoramentos serodios: Tres vellos (o boticario don Saturio, o fidalgo don Ramón e o vinculeiro señor Fuco) están dispostos a entregar todo a cambio do falso amor dunhas mozas que, por iniciativa propia ou a instancia dos seus pais ou parellas, se converten en moeda de cambio para buscar a felicidade dos seus.*

**Autor :** *Luis Dávila*  
**Título :** *O bichero*

*A política de recortes, a xestión educativa e sanitaria, os abusos bancarios, o drama do desemprego, as peripecias dos traballadores, a vergoña da corrupción, os paradoxos da xustiza, as eleccións... son algúns aspectos da actualidade que retrata Dávila cun enfoque humorístico-reivindicativo, outorgando especial protagonismo a xente de vilas e aldeas.*

**Autor :** *José Domingo*  
**Título :** *Aventuras de un oficinista japonés*

*Cans voadores! Sushi xigante! Familias caníbales! Monstros mutantes!.. A todos estes seres se enfrenta un oficinista xaponés na súa volta a casa tras saír de traballar. Unha novela gráfica muda, chea de aventuras e humor, coa que o ilustrador zaragozano afincado na Coruña gañou o Premio á mellor obra de autor español no Salón do Cómic de Barcelona 2012*

**Autor :** *Wenceslao Fernández Flórez*  
**Título :** *O bosque animado*

*Esta novela fantástica conta as historias dos habitantes da fraga de Cecebre: Fendetestas, Xeraldo, Hermelinda, Pilara, Marica etc. Mais tamén dos aparecidos ou fantasmas que pasean polo bosque: a alma en pena de Fiz Cotobelo e de Hu-Hu e as súas moscas, do clan dos gatos ceibes, ou das árbores que cren que un poste de telégrafos é a súa compañeira.*

**Autor :** *Tomás González Ahola*  
**Título :** *Galiza mutante, poder nuclear*

*Catro mutantes chegan a Cmph'sthulhu, a cidade dos Sete Círculos, onde se enfrontarán ós máis estraños perigos nunha grande aventura na que se cruzarán cos máis distintos personaxes. Distopía futurista, ambientada nunha Galicia post-apocalíptica, que adopta unha visión satírica da sociedade e cultura galegas, con grandes doses de retransca e humor negro.*

**Autor :** *Fernando Quesada*  
**Título :** *Chispas de Quesada*

*A emigración, a transformación da cultura tradicional galega, o desemprego, os avatares da política internacional, a corrupción política, o problema das comunicacións, as promesas dos políticos, as relacións de parella ou diversas homenaxes aos amigos, son algúns dos temas abordados nesta antoloxía por Fernando Quesada*



## ***Crimes, roubos... e sagaces detectives!!***

***Sacerdotes de inxenua aparencia resolvendo os crimes máis insospeitados. Amas de casa aburridas investigando supostos asasinatos; músicos travestidos escapando de matóns a soldo... Roubos, enganos, asaltos, estafas, atracos, gángsters, mafias... todo aderezado con grandes doses de humor***

**Autor :** [René Pétillon](#)

**Título :** [El caso del velo](#)

***A filla universitaria dun acomodado matrimonio francés desapareceu, e os seus pais contratan os servizos do detective Jack Palmer para dar co seu paradoiro. Pero Palmer descubre que a moza se converteu ao Islam... Pétillon ofrécenos a súa humilde perspectiva da realidade islámica en Francia a través do humor.***

**Autor :** [Eduardo Mendoza](#)

**Título :** [La aventura del tocador de señoras](#)

***O inesquecible protagonista de El misterio de la cripta embrujada, sae do manicomio curado grazas a unha operación inmobiliaria que remata coa venda do inmovible, e empeza unha nova vida como perruqueiro no barrio barcelonés do Raval. Mais, ao seu pesar, verase envolto nun caso de asasinato, que debe investigar para salvar o seu propio pelico...***

**Autor :** [Mark Haddon](#)

**Título :** [O curioso incidente do can a medianoite](#)

***Con quince anos, Christopher coñece as capitais de todos os países do mundo, pode explicar a teoría da relatividade, e recitar os números primos ata o 7.507... pero cústalle relacionarse con outras persoas. A noite na que o can dunha veciña aparece morto, Christopher decide iniciar a procura do culpable emulando ao seu admirado Sehrlock Holmes.***

**Director :** [George Roy Hill](#)

**Título :** [El golpe](#)

***Chicago, anos trinta. Johnny Hooker (Robert Redford) e Henry Gondorff (Paul Newman) son dous estafadores que deciden vingar a morte dun vello e querido colega, asasinado por orde dun poderoso gángster chamado Doyle Lonnegan. Para iso urdirán un enxeñoso e complicado plan coa axuda de todos os seus amigos e coñecido***

**Título :** *Misterioso asesinato en Manhattan*

**Director :** *Woody Allen*

*Carol Lipton, unha ama de casa de Manhattan, sospeita que o seu veciño asasinou á súa muller, malia que, aparentemente, morreu a causa dun infarto. O seu marido, Larry, trata de quitarlle a idea da cabeza; porén, Carol empéñase en investigar o suposto crime coa axuda dun amigo. Larry, esporeado polos celos, únese de mala gana á investigación.*

**Autor :** *Atraco a las tres*

**Título :** *José María Forqué*

*Galindo, un infeliz soñador, traballa como caixeiro nunha sucursal bancaria. Certo día, reúne a un grupo de compañeiros e exponlles un minucioso plan para atracar a sucursal onde traballan. A reacción inicial é de rexeitamento, mais pouco a pouco Galindo vains convencendo da viabilidade do proxecto..*

**Autor :** *Danny King*

**Título :** *Diario de un ladrón*

*Bex e Ollie son unha parella de ladróns de medio pelo que viven nunha pequena cidade preto de Londres. Calquera roubo é bo se con iso sacan para pagar as cervexas e, aínda máis, se con iso evitan ter que traballar de luns a venres. Gústalles a sensación da adrenalina e divírtense asaltando casas para levar vídeos e televisores, sen máis ambición que seguir roubando.*

**Autor :** *Billy Wilder*

**Título :** *Con faldas y a lo loco*

*Joe e Jerry son dous músicos do montón que se ven sobrigados a fuxir despois de ser testemuñas dun axuste de contas entre dúas bandas rivais. Como non encontran traballo e a mafia os persegue, deciden vestirse de mulleres e tocar nunha orquestra feminina. Para conquistar a Sugar Kane, Joe finxe ser un gran magnate, mentres Jerry é cortexado por un millonario.*

**Autor :** *Gilbert Keith Chesterton*

**Título :** *La sabiduría del Padre Brown*

*O Padre Brown un cura católico de aparencia inxenua pero con gran agudeza psicolóxica, que o converte nun formidable detective que adoita resolver os crimes máis enigmáticos, atroces e inexplicables grazas ao seu coñecemento da natureza humana. Este personaxe protagonizou unhas cincuenta historias curtas recompiladas posteriormente en cinco libros.*

**Autor :** *Thomas Mann*

**Título :** *Confesiones del estafador Félix Krull*

*Pardoiando as novelas de aprendizaxe, tan arraigadas na tradición literaria alemá, estas "confesións" condúcennos por todas as etapas dunha vida cuxo propósito explícito é converterse nunha obra de arte. As trampas, os roubos e as imposturas rematan non só por xustificarse, senón mesmo por constituír un estilo de vida de moralidade irreprochable.*



## *Rir por non chorar*

*As situacións máis dramáticas e difíciles poden abordarse mellor cun sesgo humorístico. O humor negro é un dos xéneros máis apreciados polos lectores, pois dalgún xeito axúdanos a sobrelevar as nosas penas. Estas son as nosas propostas*

*Autor : Tom Sharpe*

*Título : Wilt*

*Wilt séntese ignorado pola súa muller Eva, absorbida pola meditación transcendental e o ioga. Coa colaboración dunha espectacular moneca inchable, entregarase a fantasías asasinadas acerca dela. Cando Eva desaparece ponse en marcha unha disparatada investigación policial, e o noso personaxe sexa investigado como principal sospeitoso de asasinato.*

*Autor : Joel Coen*

*Título : El gran Lebowski*

*Jeff Lebowski, desempregado de filosofía hippy, recibe a visita de dous matóns que, equivocadamente, desexan que pague a débeda contraída pola muller doutro Lebowski. Aconsellado polos seus amigos, inicia a busca De O gran Lebowski. Do seu encontro xurdirá un trato: o Nota recibirá unha recompensa se consegue encontrar a muller do magnate*

*Autor : Mark Millar (guión) ; John Romita (ilustración)*

*Título : Kick-Ass*

*Dave Lizewski, fillo de Greg Willer, é un estudante de instituto que dedica o seu tempo libre aos cómics. Inspirado por estes, decide converterse nun superheroe real. Merca un e comeza a realizar exercicio e a practicar actividades estrambóticas, pero ao pouco isto non lle abonda e sinte a necesidade de loitar contra o crime. No seu primeiro intento non sae moi ben parado...*

*Autor : Stanley Kubrick*

*Título : ¿Teléfono rojo? volamos hacia Moscú*

*Convencido de que os comunistas están a contaminar os Estados Unidos, o Xeneral Ripper ordena un ataque aéreo nuclear contra a URSS. O presidente trata de convencer ao goberno soviético de que o ataque foi un erro. Pero o Doutor Strangelove, antigo científico nazi, confirma a existencia dun dispositivo soviético capaz de rematar coa humanidade para sempre.*

**Autor :** [John Kennedy Toole](#)  
**Título :** [A conxura dos necios](#)

*Ignatius J. Really é un home de trinta e poucos anos que vive na casa da súa nai que loita por lograr un mundo mellor dende o interior do seu cuarto. Pero cruelmente verase arrastrado a vagar polas rúas de Nova Orleans en busca de traballo para poder sufragar os gastos causados pola súa nai nun accidente de coche mentres conducía ebria*

**Autor :** [Antonio Orejudo](#)  
**Título :** [Ventajas de viajar en tren](#)

*Tras deixar o seu marido ingresado nun hospital psiquiátrico, unha muller regresa en tren a Madrid. No vagón, entaboa conversación cun psiquiatra que estuda os trastornos da personalidade a través dos relatos dos pacientes que el garda na carpeta que leva consigo. Cando o psiquiatra baixa nunha parada e perde o tren ela comeza a ler os escritos da carpeta esquecida.*

**Autor :** [Tim Burton](#)  
**Título :** [Ed Wood](#)

*Ed Wood, é un director de cine novo e sen formación académica, que apenas tivo oportunidades de facer películas nun grande estudo. Pese a iso, non cella no seu empeño de converterse nun director famoso. Tras reunir un curioso grupo de personaxes, realiza películas de baixo presuposto, excéntricas e non moi coidadas tecnicamente.*

**Autor :** [Frank Capra](#)  
**Título :** [Arsénico por compasión](#)

*Mortimer Brewster (Cary Grant), un crítico teatral decide visitar as súas tías antes de marchar de lúa de mel. Durante a visita descubrirá que as encantadoras velliñas teñen un xeito moi peculiar de practicar a caridade. A situación complicase aínda máis cando aparece o irmán de Mortimer, ovella negra da familia, tamén afeccionado ao crime aínda que por motivos diferentes.*

**Autor :** [Roald Dahl](#)  
**Título :** [Relatos de lo inesperado](#)

*Roald Dahl fálanos nestas 16 historias cheas de humor negro, da maldade e miserias do ser humano. 16 historias intrigantes, cheas de humor negro e poboadas por personaxes perversos e mesquiños: por matrimonios que se gardan un rancor escondido, personaxes cotiáns aos que perde a súa ambición, psicópatas que ao principio non se sabe que o son...*

**Autor :** [André Bretón](#)  
**Título :** [Antología del humor negro](#)

*Recompilación de 45 relatos de diferentes escritores, realizada polo escritor surrealista francés André Breton. Publicada por primeira vez en 1940 en París, prohibida polo goberno Vichy, e reimpresa con algunha adición en 1947, esta antoloxía deu a coñecer a varios escritores naquel entón descoñecidos, e acuñou o termo humor negro coa mesma acepción que ten na actualidade*

## *Humor para cambiar o mundo*

*A crítica, a denuncia mediante o humor, está presente en tódalas culturas. Réximes políticos, protagonistas da historia, situación sociais inxustas... son o obxectivo ó que dirixen os seus dardos estes autores. Non todos souberon aceptalo cun sorriso. O humor ó servizo da crítica pode converterse nun arma moi eficaz.*

*Autor : [Sinclair Lewis](#)  
Título : [Doctor Arrosmith](#)*

*Novela pioneira en diseccionar con salvaxe ironía as entrañas do microuniverso hospitalario, da investigación e das mafias farmacéuticas. O autor, premio Nobel 1930, describe de forma maxistral todos os aspectos da vida activa dun médico, e móstranos as envexas, presións e negligencias asociadas a esta profesión. Premio Pulitzer 1926*

*Autor : [Luis García Berlanga](#)  
Título : [Plácido \(1961\)](#)*

*Unhas burguesas ociosas dunha cidade provinciana deciden organizar unha campaña do Nadal co lema: "Sente un pobre á súa mesa". Se trata de que os máis necesitados compartan a cea de Noiteboa con familias acomodadas e gocen da calor que non teñen. Ao tempo, Plácido, ten un problema que lle impide participar na cabalgata para a que foi contratado...*

*Autor : [Charles Chaplin](#)  
Título : [El gran dictador](#)*

*Un humilde barbeiro xudeu ten un parecido asombroso co ditador de Tomania, un tirano que culpa os xudeus da crítica situación que atravesa o país. Un día, os seus propios gardas confúndeno co barbeiro e lévano a un campo de concentración. Ao mesmo tempo, ao pobre barbeiro confúndeno co tirano.*

*Autor : [Timur Vermes](#)  
Título : [Ha vuelto](#)*

*Primavera de 2011. Adolf Hitler esperta nun descampado en Berlín. Non hai símbolos nazis, reina a paz, as rúas están invadidas por estranxeiros, e Alemaña está gobernada por unha muller repoluda que fai o que quere en Europa. O resucitado Hitler triunfa na televisión como imitador do Führer... e aproveita a fama como plataforma perfecta para retomar a súa carreira política.*



Autor : **Ernst Lubitsch**

Título : **Ser o no ser**

*Varsovia, Segunda Guerra Mundial. O profesor Siletsky, un espía ao servizo da Gestapo, está a punto de entregar unha lista co nome dos colaboradores da Resistencia. Joseph Tura, actor polaco, intérprete de Hamlet e esposo de María Tura, intentará evitalo. Coa axuda dos actores da súa compañía, farase pasar polo cruel coronel Erhardt para entrar no cuartel xeral das SS.*

Autor : **Peter Cattaneo**

Título : **Full Monty**

*O peche da fábrica de aceiro de Yorkshire deixa sen traballo a case toda a poboación masculina. Gaz, un dos obreiros afectados, perderá o dereito de ver o seu fillo se non consegue diñeiro para pagar a pensión á súa muller. No medio do desespero, ocrreselle unha idea, á primeira vista disparatada: organizar un espectáculo de striptease.*

Autor : **Darío Fo**

Título : **Muerte accidental de un anarquista**

*Un anarquista falece tras caer por unha ventá cando está a ser interrogado pola policía de Milán. A aparición dun tolo na comisaría, adoptando diferentes personalidades, será decisiva para a investigación dos feitos que deron lugar á morte do detido. Partindo de situacións surrealistas e absurdas, Darío Fo satiriza os métodos arbitrarios que utiliza a policía italiana.*

Título : **Oblómov**

Autor : **Ivan A. Goncharov**

*Oblómov é un pequeno terratenente rural que vive afastado das súas posesións en San Petersburgo, consagrado ao exercicio do ocio e a preguiza. Shtolz, o seu amigo, intenta sacalo dese estado, e consegue arrastralo fóra de casa e presentalo a Olga, unha moza da que cre que pode namorarse. Oblómov cobra conciencia por un momento da inutilidade da súa vida.*

Autor : **Eugene Ionesco**

Título : **Rinoceronte**

*Os habitantes dun pequeno pobo francés vense convertidos en rinocerontes. A figura principal da obra, Berenger, un home común e sinxelo, a miúdo minusvalorado e criticado polo seu adicción ao alcohol, resulta ser o único humano que non desenvolve esta metamorfose. Unha fábula dramática en tres actos sobre a propagación e aceptación social do totalitarismo*

Director : **Bertrand Tavernier**

Título : **Crónicas diplomáticas = Quay d'Orsay**

*Alexandre Taillard de Vorms, un disparatado Ministerio de Asuntos Exteriores de Francia aspirante a Premio Nobel da Paz Cósmica, contrata ó mozo Arthur Vlaminc para redactar os seus discursos. Arthur terá que aprender a abrirse camiño entre o Gabinete e os conselleiros do presidente, nunha contorna onde reina o estrés, a ambición e as puñaladas traperas.*

## *Última hora!*

*Irónicos, críticos, irreverentes, absurdas... as historias destas novelas non as podemos encuadrar dentro de ningún xénero concreto, pero sen dúbida o humor é un elemento importante nelas. A súa lectura arrancarache un sorriso e farache tamén pensar*

*Autor : [Jonas Jonasson](#)*

*Título : [El abuelo que saltó por la ventana y se largó](#)*

*Pouco antes de que dea comezo a pomposa celebración do seu centésimo aniversario, Allan Karlsson, vestido con traxe e pantuflas, empericase a unha fiestra e escapa da residencia de anciáns na que vive, deixando plantados ao alcalde e a prensa local. A partir de aí, vivirá unha nova aventura pola que desfilaran personaxes tan coñecidas como Franco ou Stalin.*

*Autor : [Enrique Vila Matas](#)*

*Título : [Aire de Dylan](#)*

*Vilnius, un mozo que garda un asombroso parecido a Bob Dylan, intenta descubrir os asasinados do seu pai, o escritor Juan Lancastre, cuxo fantasma pide vinganza, e reconstruír as súas memorias, coa axuda da súa noiva e doutro escritor. Para iso fundan a sociedade Aire de Dylan...*

*Autor : [El gran Hotel Budapest](#)*

*Título: [Wes Anderson](#)*

*Na época de entreguerras, un lendario conserxe un afamado hotel europeo, traba amizade con Zero Moustafa, un empregado novo que se converte no seu protexido. Nese contexto, teñen lugar o roubo e recuperación dunha pintura renacentista de valor incalculable e a batalla que enfronta aos membros dunha familia por unha inmensa fortuna.*

*Director : [Leoney Swann](#)*

*Título : [Las ovejas de Glennkill](#)*

*Nunha idílica aldea da Irlanda rural, o pastor George Glenn aparece en metade dun prado cunha pá atravesándolle o peito. Sen pistas, sospeitosos, nin testemuñas, serán as súas ovellas (animadas polos libros policíacos, que o pastor lles lía) quen se encarguen de dar co culpable mediante a observación dos enigmáticos humanos que poboan Glennkill.*

**Autor :** *Christopher Moore*  
**Título :** *Cordero*

*Dende que atopou a Joshua de Nazareth, un cativo de seis anos, resucitando lagartas na praza da vila, Levi bar Alphaeus, O “Colleja”, foi o mellor amigo do Mesías. Por iso, o anxo Raziel resucitouno e levouno a América para que escribira un novo Evanxeo coas súas lembranzas. Mentres, Colleja pide pizza a domicilio, ve loita libre na tele e soña con ser Spiderman*

**Autor :** *David Lodge*  
**Título :** *La vida en sordina*

*O profesor xubilado Desmond Bates, bota de menos a rutina académica, e séntese desprazado ante o éxito súa muller. Pero iso non é nada comparado coa congoxa da perda auditiva, fonte constante de fricción doméstica e de dificultade social. Os seus esforzos por asumir a xordeira, a vellez, e a morte, provocarán unha serie de secuencias cómicas, cun trasfondo desgarrador.*

**Autor :** *Paseo astral*  
**Título :** *Max*

*Este paseo, creado para formar parte da exposición ARCO, é unha historia iniciática esbozada sobre as páxinas dun exemplar de El País na que se nos ofrece unha insólita combinación de dous temas xa clásicos na arte: o creador en procura da musa e o pacto co diaño, enriquecidos á súa vez con múltiples referencias e homenaxes á literatura, o cómic e as artes visuais.*

**Autor :** *Alejandro Palomas*  
**Título :** *Una madre*

*Faltan unhas horas para media noite. Tras varias tentativas, Amalia, unha nai bastante especial, reúne a toda a súa familia para cear en Noitevella. Sabe que vai ser unha noite intensa, chea de segredos e mentiras, de moita risa e de confesións longo tempo contidas. Porque é o momento de actuar e non está disposta a que nada a aparte do seu cometido.*

**Director :** *Ben Stiller*  
**Título :** *La vida secreta de Walter Mitty*

*Walter Mitty, traballador do departamento de negativos fotográficos de Life, leva unha vida monótona da que só consegue evadirse imaxinando ser o protagonista de grandes aventuras. Os seus sonos faranse realidade cando se decide a viaxar en busca do negativo da fotografía que irá na portada do último número da revista. Película baseada nun relato de James Thurber.*

**Director :** *Graeme Simsion*  
**Título :** *El proyecto esposa*

*Don Tillman, profesor universitario de Xenética intelixente con escasas habilidades sociais, decide poñer en marcha un programa especial o Proxecto Esposa, para encontrar a muller perfecta, a través dun algoritmo que exclúe as fumadoras, impuntuais, desorganizadas... E entón coñece a Rosie, fumadora, impuntual, desorganizada...*





<http://www.coruna.es/bibliotecas>

<b>Servizo Municipal de Bibliotecas de A Coruña</b> Rúa Durán Loriga 10-1º , 15030, A Coruña Teléfono 981184384 / Fax :981184385 <a href="mailto:smb@coruna.es">smb@coruna.es</a>	
<b>Biblioteca Municipal Ágora</b> Rúa Ágora s/n 15010, A Coruña Teléfono 981189886 <a href="mailto:bagora@coruna.es">bagora@coruna.es</a>	<b>Biblioteca Municipal Infantil e Xuvenil</b> Rúa Durán Loriga 10-Bjº , 15030, A Coruña Teléfono 981184388 / fax 981184385 <a href="mailto:binfantil@coruna.es">binfantil@coruna.es</a>
<b>Biblioteca Municipal Castrillón</b> Praza de Pablo Iglesias s/n 15009 A Coruña Teléfono 981184390 / fax 98118439 <a href="mailto:bcastrillon@coruna.es">bcastrillon@coruna.es</a>	<b>Biblioteca Municipal Monte Alto</b> Praza de los Abuelos s/n 15002, A Coruña Teléfono 981184382 <a href="mailto:bmontealto@coruna.es">bmontealto@coruna.es</a>
<b>Biblioteca Municipal de Estudos Locais</b> Rúa Durán Loriga 10-1º , 15030, A Coruña Teléfono 981184386 / Fax :981184385 <a href="mailto:bestudiosl@coruna.es">bestudiosl@coruna.es</a>	<b>Biblioteca Os Rosales</b> Praza Elíptica 1-1º 15011 A Coruña Teléfono 981184389 <a href="mailto:brosales@coruna.es">brosales@coruna.es</a>
<b>Biblioteca Municipal Forum Metropolitano</b> Rúa Río Monelos 1, 15006, A Coruña Teléfono 981184298 / fax :981184295 <a href="mailto:bforum@coruna.es">bforum@coruna.es</a>	<b>Biblioteca Municipal Sagrada Familia</b> Rúa Antonio Pereira 1-Bj. 15007 A Coruña Teléfono 981184392 / Fax 981184393 <a href="mailto:bsagrada@coruna.es">bsagrada@coruna.es</a>

Síguenos en Twitter y Facebook



*Bibliotecas Municipais de A Coruña*



*Bibliotecas Municipais de A Coruña*